



CENTRO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL AS CORCERIZAS

Serra de San Mamede-Ourense

- Xullo de 2007-

LOCALIZACIÓN

O equipamento atópase na **Serra de San Mamede**, no Concello de Vilar de Barrio (Ourense). Conta cunhas instalacións únicas en Galicia, por ser un equipamento de educación ambiental vangardista dunha nova cultura da sostibilidade na nosa relación co entorno. O feito de estar localizado no **Macizo Central Ourenseño** (proposto pola Xunta de Galicia como lugar de interese comunitario na **Rede Natura 2000**), brindará ás/aos participantes a oportunidade de mergullarse neste entorno natural excepcional e aprender disfrutando da natureza, dos recursos e habitantes desta singular paraxe.

O Centro está xestionado pola asociación "**Amigos da Terra**", que é unha entidade sen ánimo de lucro que promove a defensa do medio ambiente dunha forma realista e constructiva, e que está vencellada a Amigos da Terra Internacional (Friends of the Earth International) da que forma parte activa.

AS INSTALACIÓNS

"As Corcerizas" está concebido dende a súa planificación, construción e uso, cunha óptica de **desenvolvemento sostíbel**. Utiliza técnicas e materiais de **bioconstrución e arquitectura bioclimática**, cubrindo as súas propias necesidades enerxéticas a partir de fontes de **enerxías renovábeis** (solar térmica, solar fotovoltaica, eólica, microhidráulica e biomasa). Ademais, o **innovador sistema de depuración** biolóxica das augas residuais, xunto coa **compostaxe e vermicompostaxe** dos restos orgánicos, dota ao Centro dunha case total autoxestión de residuos.

UN CAMPAMENTO EDUCATIVO

A longa traxectoria do equipo en temas de educación, formación, animación e divulgación, aportan a confianza necesaria que garante un campamento de alta calidade, onde os/as participantes adquiriran coñecementos e actitudes de xeito informal, que os/as capacitarán para vivir con coherencia e respecto nunha sociedade de futuro.

Ao longo do campamento desenvolveranse unha ampla oferta de actividades mediante as que coñecerán e experimentarán en primeira persoa o funcionamento das enerxías alternativas, descubrirán cómo se obtiña carbón e xeo en épocas pasadas, que estrelas iluminan os camiños pola noite, roteiros a pe, excursións ao río e pobos típicos de montaña, obradoiros de plástica e coñecemento do medio e, como non, xogos e veladas nocturnas que farán inolvidable a estancia.

Trátase en definitiva que os/as participantes comprendan as consecuencias das súas accións, á vez que coñecen as alternativas para vivir dun xeito máis sostíbel sen renunciar aos niveis de benestar acadados ata o de agora.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA:

Cota de inscrición: 215 euros, incluíndo todos os gastos

Datas de realización e destinatarios: 10 días

1ª quenda: do 2 ao 11 de xullo. Nenos/as de 8 a 9 anos

2ª quenda: do 14 ao 23 de xullo. Nenos/as de 10-13 anos

Nº prazas por turno: máximo 36

Horario e lugar de saída: Ás 10 h. da mañá da dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Horario e lugar de chegada: Ás 20 h. na dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Un campamento como o previsto non só é un lugar de espaxamento (que sen dúbida algunha é moi importante), senón que é un escenario ideal no que os/as participantes manteñen un contacto co medio, aprendendo as súas necesidades e problemas e achegando solucións específicas. Tamén, no tocante ás relacións do grupo, serve para limar as diferenzas entre os individuos a través de actividades e xogos cooperativos.

O Centro de Educación Ambiental As Corcerizas, pioneiro en Galicia no eido das enerxías renovábeis, a bioconstrución e o tratamento alternativo de residuos, convértese nun lugar idóneo para levar a cabo este proxecto.

OBXECTIVOS:

- Coñecer, de xeito multidisciplinar, un ecosistema de medio-alta montaña como é a Serra de Mamede
- Promover os valores e actitudes respectuosas e/ou positivas cara o medio ambiente.
- Sensibilizar e formar, mediante a experiencia vivencial ao longo do campamento, sobre a importancia do aforro enerxético, o uso das enerxías renovábeis, e a adecuada xestión dos residuos
- Incorporar hábitos de convivencia persoal e alimentación sana e sustentábel, transmitindo aos/ás participantes a súa importancia e repercusións sociais, mediambientais e económicas.
- Fomentar a nosa cultura e o noso idioma como valores identificativos do territorio.
- Estimular valores de respecto, igualdade e tolerancia; educando en criterios e conceptos que permitan un cambio de actitude cara unha sociedade máis comprometida e solidaria.
- Fomentar a interacción grupal mediante xogos e actividades cooperativas.
- Crear mecanismos que estimulen a creatividade dos nenos e nenas, despertando a súa curiosidade mediante comprobacións empíricas, potenciando a imaxinación, a axilidade mental e a capacidade de crítica.
- Crear un ambiente de convivencia e espírito de grupo.
- Ofrecer alternativas de utilización racional do tempo libre.
- Fomentar e estimular as habilidades motrices básicas e específicas dos/as rapaces/zas a través dos xogos, obradoiros e diferentes dinámicas.
- Fomentar e estimular a relacións socioafectivas e grupais dos/as rapaces/zas a través das actividades antes citadas.

Destinatarios/as:

Os/as destinatarios/as destes campamentos son nenos e nenas de Santiago de entre 8 a 13 anos repartidos en dous grupos de idades (1ª quenda, de 8 a 9 anos e 2ª quenda, de 10 a 13 anos), nas datas seguintes: do 2 ao 11 de xullo e do 14 ao 23 de xullo. Por cada quenda asistirán un máximo de 36 participantes.

Temporalización:

De seguido indicamos o horario base na vida no campamento nun día normal, podendo haber modificacións en función das distintas necesidades puntuais que vaiaamos notando coa marcha do día:

HORA	ACTIVIDADE
8:45	ERGUÉMONOS
9:20	ALMORZO
10:00	ACTIVIDADE
11:30	ACTIVIDADE
13:30	TEMPO DE LECER
14:00	XANTAR
15:00	TEMPO DE LECER
16:00	ACTIVIDADE
17:30	MERENDA
18:00	ACTIVIDADE
19:30	DUCHAS E TEMPO DE LECER
21:00	CEA
22:00	PREPARACIÓN DA VELADA
22:20	VELADA NOCTURNA
0:00	PARA CAMA
0:15	DURMIR

Programa de actividades:

Días	10h-11:30h	11:30h-13h	16h-17:30h	18h-19:30h	22h-23:45h
1		chegada do grupo	rota das enerxías	Xogos de presentación	Velada nocturna
2	obradoiro plástica	xogos con paracaídas	Obradoiro plástica	gran xogo	Velada nocturna
3	obradoiro plástica	bailuka	xogos populares	orientación	Velada nocturna
4	excursión a Maceda en autocar (visita á piscina)				Velada nocturna
5	obradoiro tradicional/plástica	roteiro interpretativo polo bosque	Xincana ambiental		Velada nocturna
6	obradoiro tradicional/plástica	dinámica de grupo	Obradoiro plástica	xogos de coñecemento	Velada nocturna
7	excursión a Rebordechao, sendeirismo, visita etnográfica				Velada nocturna
8	obradoiro plástica	dinámicas de grupo	xogo predeportivo		Velada nocturna
9	obradoiro plástica	remate traballos	dinámicas de grupo	preparación velada	fiesta e baile
10	Recollida/reparto obradoiros	gran xogo	Avaliación/xogos	marcha do grupo	

Actividades medio ambientais

Unhas instalacións como as Corcerizas ubicadas en plena serra, resultan un recurso educativo en si mesmas, ofrecendo un marco incomparable para iniciar aos/ás participantes no respecto ao entorno e comprender como conservalo e melloralo. Con tal motivo realizaranse actividades que sensibilicen sobre os problemas do medio, as súas repercusións ambientais, sociais e económicas, analizando que podemos facer nós para evitalos. Tamén realizaremos itinerarios e actividades de campo para achegarnos aos diferentes ecosistemas deste medio no que nos atopamos.

- ▶ Itinerario interpretativo
 - O Bosque
 - Rota das enerxías
- ▶ Xogos medio ambientais
- ▶ Dinámicas de concienciación

Obradoiros de plástica

Nesta actividade preténdese que os/as participantes estimulen a súa capacidade creativa e a imaxinación. Dende os obradoiros máis sinxelos ata os tradicionais, os nenos e nenas experimentan distintos xeitos de traballar coas mans e crean obxectos e formas.

- ▶ Maquillaxe
 - Dentaduras
 - Máscaras
 - Simulación de feridas...
- ▶ Obradoiros
 - Libretas
 - Papel de augas
 - Cariocas
 - Abalorios
 - Bonsais
- ▶ Obradoiros tradicionais
 - Cesteiría
 - Velas

Actividades de animación

Unha parte fundamental do campamento son as actividades de animación e os xogos, pois facilitan que os/as participantes se deshiniban dende o primeiro momento, mellorando notablemente as relacións dentro do grupo, ao tempo que aprenden novos conceptos e ideas.

- ▶ Xogos de presentación
- ▶ Xogos con paracaídas
- ▶ Orientación (traballo con compás e xogo de pistas)
- ▶ Grandes Xogos
 - Oca
 - Xincanas
 - Feiras
 - O Canguro
 - Rallie
 - Xogos de orientación...

- ▶ Veladas nocturnas
 - Xogos de pega
 - Os buzóns
 - Noite das estrelas
 - Noite do terror
 - Caza do monitor
 - Veladas do acampado
 - Festa...
- ▶ Dinámicas de grupo
 - Dinámicas de resolución de conflitos
 - Dinámicas de cooperación
 - Dinámicas de liderazgo...
- ▶ Creación de contos e historias.

Xogos tradicionais

O xogo popular transmítese de xeración en xeración, e pódese atopar nel un punto de conexión entre as persoas adultas e os/as nenos/as. Este punto de converxencia supón o núcleo de apoio para a conservación da propia cultura. Os xogos populares son aceptados polos/as rapaces/zas sen ningún tipo de problemas e ademais axústanse máis as súas necesidades vitais.

A chave
Os birlos celtas
A Porca
A Rá
O Truco
O Turrasoga
O Pano...

Xogos predeportivos

Ademais da animación e os xogos que se fan no campamento, faranse xogos predeportivos que iniciarán aos/ás participantes nos deportes máis coñecidos evitando a competitividade excesiva e fomentando a cooperación entre nenos e nenas.

- ▶ Xogos con balóns
- ▶ Deportes adaptados:
 - Fútbol a tres pés
 - Rabicesto
 - Futvolei
 - Fútbol sen pelota
 - Basebalonpé...

OUTRAS INFORMACIÓNS:

Destinatarios/as: nenos e nenas de 8 a 13 anos.

Comunicacións: Só en caso de **URXENCIA**, os familiares poderán comunicarse co equipo no teléfono 656 699 530 e 988- 302 403, preferiblemente entre as 20:00 e 20:30 horas

Cartos dos/as participantes:

Non necesitan levar moitos cartos, pois teñen todas as necesidades cubertas. Aconsellamos que non leven máis de 25 euros.

Horario e lugar de saída 1ª quenda (do 2 ao 11 de xullo):

Día 2 de xullo ás 10h. da mañá da dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Horario e lugar de chegada. 1ª quenda (do 2 ao 11 de xullo):

Días 11 de xullo ás 21 h., aproximadamente na dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Horario e lugar de saída . 2ª quenda (do 14 ao 23 de xullo):

Día 14 de xullo ás 10 h. da mañá na dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Horario e lugar de saída. 2ª quenda (do 14 ao 23 de xullo):

Días 23 de xullo ás 21 h., aproximadamente, da dársena de Xoán XXIII de Santiago de Compostela.

Material necesario:

- Saco de durmir ou edredón
- Cantimplora ou similar
- Mochila pequena
- Tenis / botas para sendeirismo (2 pares en total)
- Chanclas con tira traseira
- Bañador (preferiblemente 2) e 2 toallas (unha para a ducha e outra para os baños).
- Gorra ou sombreiro.
- Uteis de aseo persoal, crema protectora solar de alta protección, para o corpo e beizos, e crema para despois do sol.
- Chuvasqueiro fino.
- Roupa de abrigo (anorak ou similar)
- Roupa cómoda, camisetas, chandal... Para frío e calor, (mudas, camisetas, algún pantalón longo e xersei)
- Varios pares de calcetíns.
- Libreta pequena e lápis ou bolígrafo.
- **ORIXINAL** tarxeta sanitaria
- **FOTOCOPIA DO DNI DO PAI/NAI OU TITOR** que autoriza

Material opcional (non comprar nada, só se o tedes):

- Lanterna ou foco
- Gafas de sol

Notas:

(*) A organización non se fai responsable da perda dos obxectos de valor e cartos que non sexan entregados no banco do campamento.

(**) No campamento non hai servizo de lavandeiría.

(***)os medicamentos non os poden ter os/as participantes con eles/as baixo ningún concepto, polo que terán que ser entregados ao equipo que, a través das indicacións das fichas médicas, os suministrarán de xeito correcto.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Departamento de Educación e Mocidade

Rúa do Vilar, 46, 3º

Tfno: 981- 55 44 00

Fax: 981- 57 15 11

www.santiagodecompostela.org

dptoeducacion@santiagodecompostela.org

AMIGOS DA TERRA

Centro de Educación Ambiental As Corcerizas

info@ascorcerizas.com

Tfno: 988- 302 403 (Paula ou Analía)

www.ascorcerizas.com

GALICIA TEMPO LIBRE

galiciatempolibre@galiciatempolibre.net

Tfno.: 656 699 530 (Rodolfo)